

MUSTANG

[Deniz Gamze Ergüven, 2015]

95

ESTREA EN NUMAX: 18.03.2016 | V.O.S.E. | +7

FICHA TÉCNICA

Mustang (2015, 97')

Dirección: Deniz Gamze Ergüven

Guión: Deniz Gamze Ergüven, Alice Winocour

Reparto: Erol Afsin, Ilayda Akdogan, Doga Zeynep Doguslu, Elit Iscan, Ayberk Pekcan, Günes Sensoy, Tugba Sunguroglu

Montaxe: Mathilde Van de Moortel

Dirección de arte: Serdar Yemisci

Son: Damien Guillaume

Música: Warren Ellis

Fotografía: David Chizallet, Ersin Gok

Produtora: CG Cinéma (Francia), Vistamar Filmproduktion, Uhlandfilm (Alemaña), Bam Film (Turquía)

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

FILMOGRAFÍA

Une goutte d'eau, 2006

[curtametraxe]

Mon trajet préféré, 2006

[curtametraxe]

PREMIOS

Oscar 2016 (nomeado ao mellor filme de fala non inglesa), Globos de Ouro 2016 (nomeado ao mellor filme de fala non inglesa), César 2015 (mellor opera prima, guión, montaxe, B.S.O.), Premios do Cinema Europeo 2015 (mellor opera prima), Goya 2015 (mellor filme europeo), Sevilla 2015 (premio do público)

SINOPSE

Nun pequeno pobo de Turquía, cinco irmás de entre 12 e 16 anos pasan o verán nun xardín paradisíaco de risas e xogos inocentes sobre as ondas do Mar Negro. Porén, a condición da muller no país non tardará en provocar rumores de inmoralidade e escándalo das mozas, co que os seus familiares deciden facerse cargo do asunto e preparalas cara ao seu destino de futuras esposas.

«Un berro de protesta contra a cruel inxustiza da relixión e, xa que estamos, un filme de terror a voltas co sangue do patriarcado»

Luis Martínez EL MUNDO



MUSTANG

[Deniz Gamze Ergüven, 2015]

Entrevista con Deniz Gamze Ergüven

Por Ren Jenger

Mustang ten algo de conto de fadas mais trátase dun filme realista. Estabas influenciada por outras obras á hora de emprender estes camiños?

Cada escena, cada situación, até a máis miúda, está acorada na realidade social de Turquía. Mais quixen diferenciarme o máis posíbel dun rexistro dramático documentalizado. Precisei dunha chea de escollas cinematográficas para esculpir un filme que, efectivamente, pode semellarse a un conto de fadas. Pensei moito na mitoloxía da Grecia antiga. As cinco mozas son coma un personaxe con cinco cabezas, ao xeito de Hydra e o seu tío fai da súa casa un búnker, ao igual ca Dédalo.

Pareceume especialmente interesante a evolución dos personaxes femininos. Por primeiro, odiamos a avoa que bate e berra nas pequenas, mais logo o tío entra en escena e vemos como ela tenta protexer as nenas. A

complexidade da muller na vida familiar turca é incríbel. Porque moitas veces as mulleres perpetúan os códigos que asentán a inxustiza social contra elas propias. Supoño que cando medras nunha determinada sociedade é posíbel que non te cuestionen polas inxustizas que viches durante toda a túa vida. Gústame a maneira en que as mulleres adultas se atopan en conflito no filme.

Atopo unha chea de paralelismos entre o tratamento dos tíos das mozas e o xeito en que os fundamentalistas cristiáns tratan as rapazas nas familias norteamericanas. Á hora de artellar o filme pensaches na posición da muller nun contexto máis amplo ao da historia do filme?

Coido que calquera muller poden atoparse atinxida coa historias destas rapazas, independentemente da procedencia xeográfica, social ou cultural. A historia atópase estreitamente relacionado coas grandes relixións. Por exemplo, proxectei o filme nunha prisión de mulleres en Francia na que había presas dos catro recantos do planeta, de África ao Leste de Europa, e a maioría delas dixo ter recibido o mesmo trato cás mozas do filme.

Pódesnos contar como foi, paso a paso, o proceso que te levou a ser cineasta en Francia? Fun a unha escola pública de cinema chamada La Fémis, na que tes que superar uns exames de acceso moi competitivos mais unha vez que estás dentro tes á túa disposición moitos medios para facer cinema durante catro anos. Daquela tiña dous proxectos diferentes, un anterior a *Mustang* que era demasiado ambicioso e caro para unha primeira longa e quedou polo camiño. En xeral foime complicado acadar a confianza dos equipos de realización porque a xente non está a feita a ver unha muller nova nunha posición de autoridade. Mais eu tento que a xente se sinta a gusto traballando comigo, non dou a imaxe típica do director de cinema.

Tes declarado que a sociedade turca é aínda moi conservadora. As actrices tiveron algún problema coas súas familias pola súa participación no filme?

Non. Por suposto que había unha chea de cousas no filme que ás familias non lles facía especial graza. Daquela tivemos longas conversas tanto coas mozas como cos familiares e finalmente a meirande parte dos pais e nais foron totalmente colaborativos.

Tamén tes falado da necesidade de gravar ás mozas expresándose de maneira libre, sorrindo, divertíndose, mais sen sexualizalas. Á veces é unha cuestión do ángulo da cámara. Evitei calquera connotación sexual mais en Turquía percibiuse nalgúns círculos de xeito diferente. A primeira escena do filme, cando as mozas xogan no mar, foi percibida no meu país como extremadamente erótica cando o que eu estaba a enfatizar era a inocencia da inherente á adolescencia. Para min, ver mozas de 15 anos xogando na auga non é algo sexy.

Evitei calquera connotación sexual mais en Turquía percibiuse nalgúns círculos de xeito diferente. A primeira escena do filme, cando as mozas xogan no mar, foi percibida no meu país como extremadamente erótica cando o que eu estaba a enfatizar era a inocencia da inherente á adolescencia. Para min, ver mozas de 15 anos xogando na auga non é algo sexy.

O filme ten longos treitos fantasiosos. Pódesnos falar do poder da fantasía na túa propia vida? Coido que teño unha voz interior dicíndome todo o tempo as cousas que comentan as rapazas no filme, mais non teño o seu atrevemento para dicilo alto e claro.

Extraído de: <http://the-toast.net/2016/01/15/an-interview-with-deniz-gamze-erguven-on-her-feminist-fairytales-mustang/>

Tradución: Xan Gómez Viñas

NA NOSA LIBRARÍA

Del color de la leche. Nell Leyshon. Sexto Piso, 2013

Islam y democracia. El miedo a la modernidad. Fatima Mernissi. Ediciones del Oriente y del Mediterráneo, 2007
Corpo de muller. María Xosé Agra Romero [et al.]. Laiovento, 2015

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org